

O RECREO

O recreo é un rato especial que nos encanta a todos, porque nel podemos descansar, xogar, correr, falar cos amigos, comer, desestresarnos... É o mellor momento do cole. Un dos mellaes momentos do día.

Ademais, é un tempo necesario para que, unha vez descansados, poidamos traballar mellor nas clases.


Tamén é moi importante porque nel podemos aprender,

mellor que en ningún outro sitio, a relacionarnos ben cos demais: no recreo é posible aprender a respectar aos compañeiros, a resolver conflitos, a seguir as normas de convivencia

e dos distintos xogos, a compartir, a axudar, a traballar (ou xogar) en equipo...

O recreo é algo marabilloso ..., pero non sempre. Tamén hai nenos e nenas que o pasan mal porque son excluídos e illados, porque son insultados ou agredidos.

Cada un de nós ten que colaborar para que os recreos sexan divertidos para todos e para todas.



RECREO

NORMAS DE RECREO

- **Mantémonos sempre no patio de recreo:** non se pode entrar no colexio, salvo cando nos toque ir á biblioteca, nin ir á zona de aparcamento dos coches. En calquera outra zona do interior do colexio só poderemos estar con permiso e coa presenza de algún profesor.
- **Respectamos as zonas dos diferentes xogos.** Nas pistas de fútbol, baloncesto e brilé, poderán estar unicamente os que están xogando a estes deportes. Os demais ocuparán o resto do patio.
- Os que participemos en algún dos xogos de pista (fútbol, baloncesto ou brilé) seguiremos obrigatoriamente as **normas de cada xogo**.
- Non nos colgaremos de porterías, canastras ou valas. É perigoso.
- Nos recreos os nenos e nenas deberemos utilizar os **aseos do patio** e temos que facelo correctamente.



- Usamos adecuadamente as **papeleiras**: non tiramos ningún papel nin desperdicio fóra das mesmas. O patio quedará sempre limpo.
- **Respectámonos**. Pelexas, empurróns ou insultos non son xogos. Non participamos deles. **Non** practica-
mos **xogos violentos** nin perigosos.
- Xogamos con todos e **non excluimos a ningún** dos nosos xogos.



- Calquera problema que haxa no recreo, poñerémolo en coñecemento dos **profesores de garda de patio**. Seguiremos as súas instrucións.
- **Somos puntuais** para entrar. O recreo remata xusto cando soa o timbre.
- Colocámonos nas **filas en orden** e sen berrar.
- Baixamos ao patio e subimos del ordenadamente, sen correr.



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria

relaciónome
móvome
bebo
reláxome
ríome
PARA
río
TODOS
xogo
como
descanso
paseo
DIVERTIDOS
RECREOS

CEIP PLURILINGÜE AMADEO RODRIGUEZ BARROSO

Rúa San Mamede, 8. 32005-OURENSE

Tel.: 988 220 883 Fax: 988 686 836

Correo electrónico: ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipamadeobarroso/>